

3.4.

educación

Analizados tanto os programas relacionados coa formación e colocación desenvolvidos na comunidade autónoma coma as accións formativas nas escolas obradoiro, obradoiros de emprego e unidades de promoción e desenvolvemento no capítulo [2.2.- Políticas activas de emprego](#), este apartado ten como obxectivo presentar, dunha banda, os principais datos do ensino de réxime xeral e especial, e doutra, os do ensino universitario.

O obxectivo principal da Xunta de Galicia nesta materia é a de acadar “unha educación de calidade para todos”. Neste senso, os presupostos do ano 2006 reflicten que para tal fin se terá en conta un esforzo decidido por unha formación en valores e unha atención prioritaria para os alumnos con dificultades, un novo marco de relacións que permita ilusionar ao profesorado así como un forte investimento na remodelación e conservación dos centros de ensino público

No exercicio 2006 dedicáronse a educación case 1.984 millóns de euros, o que supón o 20% de todo o presuposto da Comunidade autónoma. Os principais ámbitos de actuación en materia educativa son os da educación infantil primaria e ESO e ensino secundario, que acollen máis do setenta por cento do orzamento da Consellería. Por outro lado, os programas destinados ao ensino universitario acollen o 15,5% do presuposto.

No curso 2006-07 continuou o descenso do número de alumnos tanto no conxunto de centros non universitarios de réxime xeral coma nas tres universidades galegas.

O gasto público por alumno en educación non universitaria medrou en Galicia dende os 3.655,73 euros do ano 2004 ata os 4.030,56 euros de 2005. Comparado coa total estatal, cómpre salientar que no último ano o gasto medio por alumno na comunidade autónoma de Galicia é un 3% superior.

Ensino de réxime xeral

Os datos da “Estadística de la educación en España”, publicados polo Ministerio de Educación y Ciencia, reflicten que, do mesmo xeito que o acontecido no conxunto do Estado, Galicia experimenta un incremento do número de centros e do profesorado. Pola contra, fronte á medra do alumnado en España, este descende na Comunidade galega tanto nos centros públicos como privados.

Nos centros de ensino de réxime xeral o número de alumnos matriculados no último curso lectivo foi de 371.142, un 1% menos que no curso anterior. Tendo en conta a medra do alumnado no conxunto do Estado, a importancia relativa dos alumnos galegos no total estatal descende dúas décimas para situarse no 5,2%. O número de profesores nos centros galegos medrou no

Orzamento consolidado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 2006: distribución segundo programas e capítulos

	Capítulos						Total
	I	II	III	IV	VI	VII	
	(en miles de €)						
321A Dirección e servizos xerais de educación	20.817,0	3.186,4	-	166,5	540,0	-	24.709,9
322A Educación infantil, primaria e ESO	501.641,3	9.043,9	-	194.824,8	40.660,7	200,0	746.370,7
322C Ensinanzas universitarias	-	1.010,0	-	279.954,8	150,0	25.577,2	306.692,0
322D Educación especial	12.744,0	670,9	-	9.100,0	2.000,0	-	24.514,9
322E Ensinanzas artísticas	21.453,6	1.227,4	-	994,0	1.735,5	650,0	26.060,5
322G Ensinanzas especiais	11.661,4	791,3	-	-	1.473,0	-	13.925,7
322H Outras ensinanzas	-	262,9	-	88,8	-	-	351,7
322I Formación e perfeccionamento do profesorado	-	553,0	-	100,0	3.336,2	-	3.989,2
322S Formación profesional FSE.	8.605,5	9.493,4	-	3.747,5	1.105,8	-	22.952,2
322T Ensinanza secundaria	550.616,3	26.079,1	298,1	16.025,8	60.439,1	200,0	653.658,4
323A Servizos e axudas complementarias ao ensino	10.183,5	133.719,0	-	12.024,4	1.296,7	3.000,0	160.223,6
441A Elaboración e difusión estatística	-	-	-	-	13,0	-	13,0
TOTAL	1.137.722,5	186.037,2		517.026,5	112.750,0	29.627,2	1.983.163,4

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A.

3.4.1.

Gasto público por alumno nas CC.AA. 2004-05: educación non universitaria

	2004		2005 (1)	
	(en €)	(%)	(en €)	(%)
Andalucía	2.828,08	76,8	3.099,24	79,2
Aragón	3.615,04	98,2	3.689,53	94,2
Asturias	3.839,93	104,3	4.223,31	107,9
Baleares	3.631,95	98,6	3.846,27	98,3
Canarias	3.477,76	94,4	3.697,78	94,5
Cantabria	3.818,25	103,7	4.176,31	106,7
Castela e León	3.752,75	101,9	4.119,64	105,2
Castela-A Mancha	3.693,00	100,3	3.952,54	101,0
Cataluña	3.305,55	89,8	3.543,60	90,5
C. Valenciana	3.419,02	92,9	3.518,83	89,9
Extremadura	3.477,47	94,4	3.610,84	92,2
Galicia	3.655,73	99,3	4.030,56	103,0
Madrid	2.906,98	78,9	3.053,05	78,0
Murcia	3.018,22	82,0	3.108,08	79,4
Navarra	4.825,15	131,0	4.692,74	119,9
País Vasco	5.209,37	141,5	5.368,42	137,1
A Rioxa	3.718,92	101,0	3.915,96	100,0
Total	3.682,12	100	3.914,67	100

(1) datos provisionais

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de Ministerio de Educación y Ciencia

3.4.2.

último ano un 0,8%, 2,7 puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado, acadando os 36.550 profesores (o 6% do profesorado en España).

Atendendo á distribución segundo centros públicos e privados, Galicia presenta unha maior proporción de centros públicos que a media estatal. Os datos do **cadro 3.4.3.** indican que oito de cada dez centros escolares son públicos fronte aos sete de media no conxunto do Estado. A estes centros públicos asisten en Galicia o 71,9% dos alumnos a imparten clase o 79,6% dos profesores, mentres que a media estatal foi do 67,5% dos alumnos e o 73,2% dos profesores.

Tendo en conta a devandita evolución do alumnado e do profesorado, no último curso descende a ratio alumno/profesor, que acada os 10,2 alumnos en Galicia (10,3 alumnos no curso 2005/06), sendo esta relación de 9,2 alumnos nos centros públicos e de 13,9 nos centros privados. No conxunto do Estado tamén se reduce a devandita ratio, situándose nos 11,5 alumnos por profesor (10,6 alumnos nos centros públicos e 14,0 alumnos por profesor nos privados).

No que atinxe aos diferentes niveis educativos, o **cadro 3.4.5.** reflicte unha medra do alumnado tanto nos centros de educación infantil, que acadan os 71.200 alumnos no curso 2006/07

Centros, profesorado e alumnos matriculados nas CC.AA. no curso 2006-07 (1)

	Centros			Profesorado			Alumnado		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Andalucía	3.907	2.965	942	107.731	87.274	20.457	1.416.774	1.076.077	340.697
Aragón	769	506	263	17.357	12.481	4.876	190.273	123.057	67.216
Asturias	478	379	99	13.100	10.394	2.706	124.695	86.327	38.368
Baleares	438	304	134	13.955	9.894	4.061	152.699	97.051	55.648
Canarias	1.037	879	158	26.723	22.104	4.619	329.218	255.876	73.342
Cantabria	298	212	86	8.131	6.102	2.029	78.908	51.622	27.286
Castela e León	1.285	954	331	33.842	25.290	8.552	349.231	234.048	115.183
Castela - A Mancha	1.032	875	157	29.929	26.089	3.840	324.924	267.255	57.669
Cataluña	4.203	2.815	1.388	97.192	63.266	33.926	1.112.620	686.197	426.423
C. Valenciana	2.103	1.475	628	65.297	48.772	16.525	730.165	503.499	226.666
Extremadura	720	592	128	16.426	14.051	2.375	183.941	145.918	38.023
Galicia	1.761	1.405	356	36.550	29.100	7.450	371.142	267.161	103.981
Madrid	2.859	1.460	1.399	80.598	48.253	32.345	973.248	524.548	448.700
Murcia	747	566	181	20.256	16.188	4.068	252.549	185.543	67.006
Navarra	381	309	72	8.663	6.187	2.476	96.081	62.609	33.472
País Vasco	1.034	675	359	30.955	18.558	12.397	318.867	156.345	162.522
Rioxa	120	84	36	3.792	2.805	987	44.265	29.601	14.664
Ceuta	31	23	8	1.313	1.092	221	15.939	11.801	4.138
Melilla	30	22	8	1.272	1.112	160	16.143	13.542	2.601
Total	23.233	16.500	6.733	613.082	449.012	164.070	7.081.682	4.778.077	2.303.605
Galicia / España	7,6	8,5	5,3	6,0	6,5	4,5	5,2	5,6	4,5

(1) Ensinos de réxime xeral: Inclúe o alumnado en Ed. Infantil, Ed. Primaria, Centros Ed. Primaria e E.S.O., Centros E.S.O. e/ou Bach. e/ou F.P., Centros Ed. Primaria, E.S.O. e Bach./F.P., Centros Específicos Ed. Especial, Centros Específicos Educación a distancia e Centros que imparten combinacións de ensinanzas de Réxime Xeral non consideradas noutros tipos de centros.
Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia, Estadísticas de la educación en España

3.4.3.

Centros docentes en funcionamento nos cursos 2005-06 2006-07: distribución segundo as ensinanzas que imparten

	2005-2006			2006-07		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Ed. infantil	1.325	1.055	270	1.336	1.072	264
Ed. Primaria	963	770	193	949	754	195
Ed. Especial (1)	76	21	55	36	14	22
ESO	520	340	180	520	340	180
Bacharelato - Rex. Ordinario	293	223	70	293	224	69
Bacharelato - Rex. Adultos	39	38	1	38	37	1
Bacharelato a distancia	1	1	-	1	1	-
C.F.Gr. Medio - Rex. Ordinario	198	144	54	197	142	55
C.F.Gr. Medio - Rex. Adultos	33	33	-	32	32	-
C.F.Gr. Superior - Rex. Ordinario	179	136	43	163	125	38
C.F.Gr. Superior - Rex. Adultos	25	25	-	25	25	-
Programas de Garantía Social	159	140	19	158	139	19
Total	3.811	2.926	885	3.748	2.905	843

(1) Refírese a centros específicos de E. especial e a centros ordinarios con unidades substitutorias de E. especial.
Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia, Estadísticas de la educación en España

3.4.4.

Alumnado matriculado no curso 2005-06 e 2006-07: distribución segundo ensino e tipo de centro

	Curso 2005-06			Curso 2006-07		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Educación Infantil	70.206	48.189	22.017	71.200	48.729	22.471
Educación Primaria	123.307	84.087	39.220	123.609	84.070	39.539
Educación Especial	1.130	620	510	1.018	584	434
E.S.O.	101.423	71.341	30.082	98.394	68.944	29.450
Bachillerato (2)	38.789	32.637	6.152	37.606	31.473	6.133
Bachillerato a distancia	2.578	2.578	-	2.425	2.425	-
Grao Medio (2)	17.480	14.415	3.065	16.974	13.904	3.070
Grao Superior (2)	18.725	15.959	2.766	17.512	15.018	2.494
Programas Garantía Social (3)	2.347	1.971	376	2.404	2.014	390
Total	375.985	271.797	104.188	371.142	267.161	103.981

(1) Datos do curso 2005-06 para el alumnado de Primer ciclo de E. Infantil.
(2) Inclúe o alumnado de Réxime Ordinario e de Réxime de Adultos.
(3) Inclúe o alumnado de Programas de Garantía Social en centros docentes e en actuacións fóra de centros.
Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia, Estadísticas de la educación en España

3.4.5.

Profesorado nos cursos 2005-06 e 2006-07: distribución segundo nivel de ensinanza que imparten
(1)

	Curso 2005-06			Curso 2006-07		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Educación infantil e primaria	11.005	10.605	400	13.768	10.672	3.096
E.S.O., bacharelato e F.P.	16.239	15.513	726	18.880	15.730	3.150
Ambos grupos de niveis (2)	9.102	2.932	6.170	3.544	2.454	1.090
Educación especial (3)	336	222	114	358	244	114
Total	36.682	29.272	7.410	36.550	29.100	7.450

(1) Non inclúe o profesorado que imparte Primeiro ciclo de E. Infantil, por non dispoñer desta información.

(2) Refírese ao profesorado que compatibiliza o ensino en E. Infantil, E. Primaria e en E.S.O., Bacharelato e FP.

(3) Refírese ao profesorado de centros específicos de E. Especial e de aulas de E. Especial en centros ordinarios.

Fonte: *Ministerio de Educación y Ciencia, Estadísticas de la educación en España*

3.4.6.

Número de alumnos por unidade/grupo nos cursos 2005-06 e 2006-07: distribución segundo ensino (1)

	Curso 2005-06			Curso 2006-07		
	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total
E. Infantil primeiro ciclo	-	-	-	-	-	-
E. Infantil segundo ciclo (2)	16,7	21,6	18,0	16,4	22,2	17,9
E. Primaria (3)	15,7	22,1	17,3	15,8	22,2	17,4
E. Especial (4)	4,2	5,8	5,0	4,8	4,5	4,7
E.S.O.	20,2	25,1	21,5	19,6	24,7	20,9
Bacharelato (5)	21,7	19,2	21,2	21,3	19,6	21,0
C.F. Grao Medio (5)	17,6	16,1	17,3	16,7	15,7	16,5
C.F. Grao Superior (5)	19,4	14,2	18,3	18,5	14,4	17,7
Programas de Garantía Social (6)	10,1	11,1	10,3	9,8	11,1	10,0

(1) Non inclúe as unidades de E. Infantil Primeiro ciclo, por non dispoñer desta información.

(2) Unidades con alumnado de E. Infantil Segundo ciclo e mixtas de ambos ciclos.

(3) Unidades con alumnado de E. infantil e E. primaria. Tamén inclúe unidades de E. primaria con alumnado de primeiro ciclo de E.S.O.

(4) Inclúe as unidades de centros específicos e as aulas de Educación especial en centros ordinarios.

(5) Réxime ordinario.

(6) Inclúese o alumnado e as unidades destes programas en centros e actuacións.

Fonte: *Ministerio de Educación y Ciencia, Estadísticas de la educación en España*

3.4.7.

Taxa bruta de escolaridade no curso 2006-07: distribución segundo nivel de ensino

	Primeiro ciclo E. Infantil (0 - 2 anos) (1)	Segundo ciclo E. Infantil (3 - 5 anos) (1)	Bacharelato (16 - 17 anos) (2)	Programas Garantía Social (16 - 17 anos)	Ciclos Formativos Grado Medio (16 - 17 anos) (2)	Ciclos Formativos Grado Superior (18 - 19 anos) (2)
	(%)					
Andalucía	4,1	99,4	65,5	3,7	26,2	18,9
Aragón	30,4	100,0	71,1	7,8	30,1	26,7
Asturias	8,7	97,4	80,0	4,3	31,4	31,4
Baleares	10,1	91,9	53,6	4,4	21,9	10,4
Canarias	-	97,1	69,5	4,9	29,2	22,7
Cantabria	16,5	98,1	77,5	4,6	35,7	27,3
Castela e León	12,5	100,0	88,6	8,4	30,4	27,5
Castela-A Mancha	2,5	100,0	67,0	5,3	21,3	17,9
Cataluña	32,1	96,7	66,8	4,1	28,2	26,3
C. Valenciana	11,4	94,5	59,6	3,6	27,7	22,3
Extremadura	2,9	100,0	68,4	6,4	24,0	16,8
Galicia	16,2	99,2	80,7	4,8	34,2	32,8
Madrid	32,9	91,5	78,9	5,3	17,6	21,5
Murcia	14,1	99,4	67,5	8,3	21,1	18,2
Navarra	25,7	99,7	71,3	8,0	28,4	27,8
País Vasco	48,3	100,0	89,8	12,1	31,4	42,7
A Rioxa	4,8	99,0	69,5	7,0	32,5	25,7
Ceuta	4,6	100,0	66,0	23,0	22,8	32,4
Melilla	16,3	100,0	73,0	14,5	21,8	16,3
TOTAL	18,0	97,5	70,5	5,2	26,3	23,4

Para o cálculo das taxas empregáronse as Proxeccións de Poboación Base Censo 2001 do INE. O desaxuste entre as cifras proxectadas e a evolución real da poboación podería afectar á calidade dos resultados deste indicador por C.A..

(1) Taxa neta para o grupo de idade referido.

(2) Datos do curso 2005-06 para o alumnado de Primeiro ciclo de E. Infantil.

Fonte: *Ministerio de Educación y Ciencia*

3.4.

3.4.8.

Abandono educativo prematuro ⁽¹⁾ nas CC.AA. 2000 e 2005: distribución segundo sexos

	Total		Homes		Mulleres	
	2000	2005	2000	2005	2000	2005
	(%)					
Andalucía	35,0	37,1	40,7	42,7	29,4	31,4
Aragón	22,8	24,1	27,2	30,6	18,5	17,1
Asturias	22,2	18,3	28,6	25,5	15,9	10,8
Baleares	45,7	40,0	55,5	45,8	35,7	33,9
Canarias	33,1	32,2	39,2	36,0	27,1	28,1
Cantabria	22,6	21,8	29,6	25,5	15,4	18,0
Castela e León	20,7	25,1	28,8	30,8	12,6	18,9
Castela - A Mancha	35,6	35,0	42,0	41,5	29,2	27,9
Cataluña	29,7	34,1	35,3	42,4	24,0	25,2
C. Valenciana	31,5	32,4	37,3	40,1	25,6	24,6
Estremadura	41,5	36,4	50,1	44,4	32,9	27,9
Galicia	29,2	23,6	36,6	30,6	21,8	16,3
Madrid	19,4	26,2	22,0	27,0	16,6	25,5
Murcia	38,7	38,1	45,5	43,7	31,4	32,3
Navarra	17,6	17,2	21,0	18,3	13,6	16,1
País Vasco	14,3	13,9	19,4	17,4	9,0	10,0
Rioxa	27,2	29,3	30,2	34,7	24,1	23,6
Ceuta e Melilla	36,8	43,2	43,4	49,6	30,0	37,4
Total	28,9	30,8	34,6	36,4	23,2	25,0

(1) Porcentaxe de poboación entre 18 e 24 anos que non completou o nivel de Ensino Secundario 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación
 Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

○ 3.4.9.

Nivel de formación da poboación nova ⁽¹⁾ nas CC.AA. 2000 e 2005: distribución segundo sexos

	Total		Homes		Mulleres	
	2000	2005	2000	2005	2000	2005
	(%)					
Andalucía	58,2	53,4	53,3	47,7	63,1	59,4
Aragón	73,8	70,2	67,6	63,3	80,2	77,6
Asturias	70,9	73,3	63,9	65,4	78,1	81,6
Baleares	48,4	49,5	37,5	46,6	59,5	52,4
Canarias	56,1	57,4	47,9	51,7	64,1	63,2
Cantabria	70,6	70,7	61,1	65,7	80,1	76,0
Castela e León	70,4	64,8	62,1	57,4	78,9	72,7
Castela - A Mancha	57,9	54,4	52,3	46,3	63,6	63,1
Cataluña	68,1	60,3	62,1	50,1	74,4	70,9
C. Valenciana	62,7	60,3	56,4	53,2	69,0	67,7
Estremadura	51,6	52,3	41,8	42,5	61,7	62,7
Galicia	64,7	68,7	58,7	61,7	70,8	75,9
Madrid	78,3	67,7	76,1	64,2	80,4	71,3
Murcia	58,5	54,2	52,0	45,6	65,4	63,6
Navarra	81,5	77,3	79,8	80,4	83,3	73,9
País Vasco	81,1	80,4	75,1	77,2	87,4	83,7
Rioxa	68,1	63,0	62,0	52,9	74,4	73,9
Ceuta e Melilla	50,3	47,6	37,4	35,1	64,8	56,2
Total	65,9	61,3	60,2	54,8	71,8	68,2

(1) Porcentaxe de poboación entre 20 e 24 anos que completou polo menos o nivel de Ensino Secundario 2ª etapa
 Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

○ 3.4.10.

como nos de educación primaria, con 123.609 alumnos. Tanto nun caso como noutro, sesenta e oito de cada cen alumnos acude aos centros públicos de ensino.

Nas outras etapas de escolarización, e tanto nos centro públicos coma privados, agás nos centros privados onde se imparte o grao medio de FP, descendeu o seu alumnado. Nos centros de educación secundaria (ESO e bacharelato) a caída foi dun 3,1% (4.365 persoas menos), para situarse nos 138.425 alumnos (o 74,3% asiste a centros públicos) mentres que nos ciclos formativos de Formación Profesional, o número de alumnos reduciuse nun 4,7% (1.719 alumnos menos que no curso anterior). Dos 34.486 alumnos que asisten aos ciclos formativos de grao medio ou superior o 83,9% acude a centros de titularidade pública.

Xunto á escolarización, cómpre facer referencia a dous indicadores relativos ao nivel forma-

tivo acadado pola poboación: o abandono educativo prematuro e o nivel de formación da poboación nova. No que atinxe ao primeiro, os datos do **cadro 3.4.9.** reflicten que o 23,6% da poboación galega de 18 a 24 anos non completou en 2005 (último dato dispoñible) o nivel de educación secundaria 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación (30,8% no sistema educativo español). Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase como a quinta comunidade con menor abandono educativo, por detrás do País Vasco, Navarra, Asturias e Cantabria.

Ao igual que no conxunto do Estado, o abandono escolar prematuro é superior no caso dos homes que no das mulleres, situándose estas porcentaxes en Galicia no 30,6% e 16,3%, respectivamente. Por contra, e a diferenza do que sucede en España, este indicador descende entre 2000 e 2005, tanto no caso dos homes coma das mulleres.

En canto ao nivel de formación da poboación nova, o 68,7% da poboación entre 20 e 24 anos completou ao menos o nivel de Ensinanza Secundaria 2ª etapa, sendo esta porcentaxe do 61,3% no conxunto do Estado. Comparado co resto das CC.A., os datos recollidos no **cadro 3.4.10.** amosan que Galicia se sitúa coma a sexta comunidade coa maior porcentaxe, por detrás de Aragón, Asturias, Cantabria, Navarra e o País Vasco.

As mulleres presentan un nivel educativo superior ao dos homes, sendo a porcentaxe de mulleres entre 20 e 24 anos con estudos de educación secundaria 2ª etapa rematados, do 75,9% fronte ao 61,7% no caso dos homes. Mentres que esta porcentaxe medra en Galicia entre os anos 2000 e 2005, España presenta, de media, unha caída tanto no caso dos homes coma das mulleres.

Ensino de réxime especial

Xunto aos estudos de réxime xeral, Galicia conta con 176 centros nos que se imparten ensinos como son os dos ciclos formativos de artes plásticas e deseño, conservación e restauración de bens culturais, estudos superiores de deseño, cerámica e vidro, ensinos da música e da danza (regrados e non regrados), ensinos de arte dramático, ensinos das escolas oficiais de idiomas y ensinos deportivos.

Neses centros impartían clase un total de 2.340 profesores, o 7,3% do total estatal, asistindo ás mesmas 44.237 alumnos, o 6,4% dos alumnos españois. Os estudos con maior número de alumnos son os de idiomas, con 23.388 persoas (6,1% do total estatal) dos que 17.064 cursan o ciclo elemental. Séguelle en importancia os correspondentes aos estudos musicais, con 18.070 alumnos, o 7% dos estudantes en España.

Comparado co ano anterior, a medra de 683 alumnos nos 176 centros de réxime xeral ven motivada fundamentalmente polo incremento rexistrado no alumnado da Escola Oficial de Idiomas, que conta con 1.042 alumnos máis.

Educación universitaria

As universidades galegas consideradas no seu conxunto presentan, ao igual que o conxunto de universidades españolas, unha nova redución do seu alumnado. Esta caída concéntrase nos estudos de ciclo largo, mentres que continúa o ascenso do alumnado de terceiro ciclo.

O número de alumnos matriculados no primeiro e segundo ciclo, **cadro 3.4.13.**, descendeu en Galicia un 5,7% (4.334 alumnos), acadando os 71.249 alumnos no curso 2006/07. A Universidade de Santiago de Compostela é a que presenta o maior número de alumnos, con 27.713 persoas, o 38,9% dos universitarios galegos, seguida pola de A Coruña, 21.944 alumnos (30,8%) e a de Vigo, con 21.592 alumnos (30,3%). A caída máis importante volve a producirse na universidade de Vigo, cun descenso do 6,7% respecto ao curso anterior, seguida da de Santiago de Compostela, cun 6%, e a de A Coruña, cun 4,4%.

A devandita caída produciuse nos sete campus universitarios, rexistrándose o descenso

Centros, profesorado e alumnos matriculados nas CC.AA. nos ensinos de réxime especial 2006-07 (1)

	Centros			Profesorado			Alumnado		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Andalucía	228	210	18	4.041	3.795	246	83.334	81.546	1.788
Aragón	74	57	17	1.233	1.065	168	26.435	25.205	1.230
Asturias	25	19	6	613	542	71	12.450	12.075	375
Baleares	20	15	5	503	489	14	11.222	11.147	75
Canarias	71	65	6	1.298	1.216	82	47.516	47.246	270
Cantabria	18	5	13	230	193	37	8.021	7.487	534
Castela e León	94	80	14	1.880	1.686	194	44.963	43.493	1.470
Castela - A Mancha	72	61	11	1.355	1.257	98	29.573	28.658	915
Cataluña	386	212	174	6.401	4.880	1.521	98.803	79.228	19.575
C. Valenciana	436	108	328	3.254	2.669	585	64.948	60.958	3.990
Extremadura	17	17	-	389	389	-	10.062	10.062	-
Galicia	176	112	64	2.340	1.905	435	44.237	39.298	4.939
Madrid	190	159	31	3.831	3.420	411	97.820	96.140	1.680
Murcia	33	23	10	687	620	67	16.417	16.006	411
Navarra	62	55	7	907	849	58	25.531	24.470	1.061
Pais Vasco	129	60	69	2.580	1.445	1.135	63.878	48.462	15.416
Rioxa	16	14	2	302	268	34	7.405	6.674	731
Ceuta	2	2	-	36	36	-	1.029	1.029	-
Melilla	3	3	-	83	83	-	1.454	1.454	-
Total	2.052	1.277	775	31.963	26.807	5.156	695.098	640.638	54.460
Galicia / España	8,6	8,8	8,3	7,3	7,1	8,4	6,4	6,1	9,1

(1) Escolas que imparten ensinos non conducentes a títulos con validez académica ou profesional, reguladas polas Administracións Educativas.

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia, Estadísticas de la educación en España

3.4.11.

Alumnado matriculado nos centros de ensino de réxime especial nas CC.AA. 2006: distribución segundo tipo de ensino

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	G / E (%)
Artes plásticas e deseño	1.515	766	238	295	216	23.576	6,4
Ciclos formativos							
Grao medio	97	39	13	31	14	3.207	3,0
Grao Superior	997	557	138	192	110	15.585	6,4
Estudios Superiores							
Conser. e restauración	92	-	-	-	92	562	16,4
Deseño	329	170	87	72	-	4.050	8,1
Cerámica / Vidro	-	-	-	-	-	172	-
Música	18.070	6.209	2.801	1.909	7.151	259.132	7,0
Ens. regrados							
Grao elemental	4.337	1.723	712	622	1.280	43.243	10,0
Grao medio	3.291	1.080	527	325	1.359	37.197	8,8
Grao superior	543	301	-	16	226	7.400	7,3
Ens. non regrados (1)	9.899	3.105	1.562	946	4.286	171.292	5,8
Danza	1.133	565	130	-	438	27.186	4,2
Ens. regrados							
Grao elemental	221	78	120	-	23	4.006	5,5
Grao medio	52	42	10	-	-	2.794	1,9
Grao superior	-	-	-	-	-	587	-
Ens. non regrados (1)	860	445	-	-	415	19.799	4,3
Arte Dramático	67	-	-	-	67	1.720	3,9
Idiomas	23.388	9.892	2.971	2.817	7.708	381.367	6,1
Ciclo elemental	17.064	7.091	2.263	1.858	5.852	269.686	6,3
Ciclo superior	4.320	1.912	521	570	1.317	70.085	6,2
Ciclo elemental a distancia	2.004	889	187	389	539	35.990	5,6
Nivel Básico	-	-	-	-	-	5.606	-
Deportivas	64	45	-	-	19	2.117	3,0
Grao medio	64	45	-	-	19	2.048	3,1
Grao superior	-	-	-	-	-	69	-
Total	44.237	17.477	6.140	5.021	15.599	695.098	6,4

(1) Ensinanzas non conducentes a títulos con validez académica ou profesional, impartidas en escolas reguladas polas Administracións educativas

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia, Estadísticas de la educación en España

3.4.12.

**Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2004-05
a 2006-07: primeiro e segundo ciclos**

	2004/2005	2005/2006	2006/2007
Universidade de Santiago	30.979	29.484	27.713
Campus Santiago	23.735	22.850	21.745
Campus Lugo	7.244	6.634	5.968
Universidade da Coruña	24.009	22.946	21.944
Campus da Coruña	20.139	19.324	18.612
Campus de Ferrol	3.870	3.622	3.332
Universidade de Vigo	24.437	23.153	21.592
Campus de Vigo	15.107	14.154	13.065
Campus de Ourense	5.803	5.464	5.042
Campus de Pontevedra	3.527	3.535	3.485
Galicia	79.425	75.583	71.249

Fonte: IGE

○ 3.4.13.

**Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2005-06 e 2006-07: distribución
segundo ramas de ensino**

	curso 2005-06					
	Total	Humanidades	Ciencias experimentais	Sociais e xurídicas	Técnicas	Ciencias da saúde
Andalucía	234.242	20.648	19.203	118.412	53.939	22.040
Aragón	32.927	2.295	2.338	14.337	10.382	3.575
Asturias	29.887	2.059	2.549	13.527	9.923	1.829
Baleares	12.655	1.113	812	8.492	1.601	637
Canarias	45.238	4.237	2.036	22.144	12.660	4.161
Cantabria	11.063	473	284	4.898	4.494	914
Castela e León	86.088	7.521	6.346	37.202	27.095	7.924
Castela-A Mancha	27.485	2.449	1.009	14.253	7.354	2.420
Cataluña	184.014	18.476	14.480	81.816	50.801	18.441
Extremadura	24.097	1.467	1.737	10.894	6.797	3.202
Galicia	74.778	5.487	6.083	35.069	20.746	7.393
Madrid	234.919	16.431	18.456	111.948	65.680	22.404
Murcia	38.362	2.810	3.055	19.944	8.188	4.365
Navarra	16.294	362	1.000	6.283	6.164	2.485
País Vasco	60.819	4.857	4.592	27.502	20.357	3.511
A Rioxa	6.698	1.188	398	3.217	1.646	249
C. Valenciana	140.603	12.587	10.665	60.466	44.269	12.616
UNED	63.623	24.568	6.209	25.680	7.166	-
Oberta de Cataluña	120.019	3.535	-	95.704	20.780	-
Total	1.443.811	132.563	101.252	711.788	380.042	118.166

	curso 2006-07					
	Total	Humanidades	Ciencias experimentais	Sociais e xurídicas	Técnicas	Ciencias da saúde
Andalucía	226.944	19.601	17.593	115.112	52.210	22.428
Aragón	31.755	2.200	2.203	14.032	9.816	3.504
Asturias	27.984	1.868	2.394	12.567	9.250	1.905
Baleares	13.363	1.134	858	8.907	1.639	825
Canarias	44.339	3.893	1.812	22.060	12.215	4.359
Cantabria	10.777	403	246	4.752	4.355	1.021
Castela e León	83.577	7.226	6.074	36.246	26.030	8.001
Castela-A Mancha	26.633	2.606	944	13.699	6.978	2.406
Cataluña	175.058	17.602	13.923	79.338	46.671	17.524
Extremadura	23.317	1.319	1.561	10.703	6.531	3.203
Galicia	70.840	5.237	5.490	33.168	19.592	7.353
Madrid	231.799	15.839	17.564	110.600	64.779	23.017
Murcia	37.906	2.758	2.768	19.718	8.068	4.594
Navarra	16.020	334	854	6.268	5.966	2.598
País Vasco	56.862	4.472	3.115	26.879	18.837	3.559
A Rioxa	6.453	1.255	368	3.041	1.547	242
C. Valenciana	138.837	12.296	10.169	60.659	42.771	12.942
UNED	144.649	24.932	6.274	94.466	18.977	-
Oberta de Cataluña	38.781	3.778	-	27.655	7.348	-
Total	1.405.894	128.753	94.210	699.870	363.580	119.481

Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

3.4.

○ 3.4.14.

**Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2004-05 e 2005-06:
terceiro ciclo ⁽¹⁾**

	Curso 2004-05			Curso 2005-06			05-06/04-05
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	
A Coruña	786	402	384	841	409	432	55
Santiago	1.613	703	910	1.745	736	1.009	132
Vigo	1.324	602	722	1.352	625	727	28
Total	3.723	1.707	2.016	3.938	1.770	2.168	215

(1) incluídos os alumnos dos centros adscritos
Fonte: Ministerio de Educación y Ciencia

○ 3.4.15.

máis importante, en termos relativos, no de Lugo, cun 10% menos de alumnos, no de Ferrol, cun 8% menos de alumnos, e nos de Vigo e Ourense, cunha redución do 7,7%.

No curso 2006/2007 a porcentaxe de mulleres que estudia nas universidades galegas é do 57,7%, tres décimas máis que no curso anterior. Cómpre salientar a elevada presenza de mulleres na Universidade de Santiago de Compostela, onde as universitarias representan o 65,5% dos alumnos matriculados (a universidade española con maior porcentaxe de mulleres matriculadas), fronte ao 54,1% de Vigo ou os 50,9% de A Coruña.

Como reflicte o **cadro 3.4.14.**, case a metade dos estudantes galegos matriculados seguen estudos pertencentes ás ciencias sociais e xurídicas (46,8%), seguíndolle en importancia as carreiras técnicas, cun 27,7% dos alumnos, e as ciencias da saúde, con máis dun dez por cento dos mesmos. No último ano, a presenza de alumnos estranxeiros segue sendo reducida, acadando o 1,2% do total de alumnos matriculados (864 persoas) fronte ao 2,1% da media española.

No concernerente aos cursos de terceiro ciclo, o **cadro 3.4.15.** reflicte que no ano lectivo de 2005/2006, o número total de alumnos inscritos ascendeu ata os 3.938 alumnos, dos que máis da metade (55,1%) son mulleres. Comparado co curso anterior, matriculáronse en Galicia 215 persoas máis, das que 152 son mulleres e 63 homes.

A Universidade de Santiago de Compostela foi a que acolleu o maior número de alumnos inscritos nestes cursos, con 1.745 persoas, acollendo a Universidade de Vigo un total de 1.352 persoas, e a de A Coruña, 841 doutorandos. En relación co ano lectivo anterior, a Universidade de Santiago de Compostela foi a que presentou o maior incremento, con 132 persoas máis, seguida pola de A Coruña, con 55 doutorandos máis e Vigo, con 28 alumnos máis. ■